

Resolución número 00001247 de 2020

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE SUSPENDE A CELEBRACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA VACANTE DE FUNCIONARIO DE CARREIRA, AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (OEP 2017)

EXP. Nº: 2019 RHU000000037

Logo de ver o expediente do proceso selectivo para a selección dunha praza vacante de funcionario de carreira pertencente á escala de administración xeral subescala auxiliar, incluída na oferta de emprego público do ano 2017.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía do 31 de agosto de 2020 pola que se engaden aspirantes admitidos/as e excluídos/as de forma definitiva e se determina a data da realización do primeiro exercicio nas probas para seleccionar unha praza vacante de persoal funcionario de carreira pertencente á escala de administración xeral, subescala auxiliar, incluída na oferta de emprego público do ano 2017, publicada no BOP de Ourense nº 204 do 5 de setembro de 2020, e na que se convoca aos aspirantes admitidos para a realización do primeiro exercicio o día 6 de outubro de 2020, ás 09:00 horas, no Pavillón de Calabagueiros, situado na rúa Calabagueiros, s/n - 32300 - O Barco de Valdeorras (Ourense).

Logo de ver a Orde do 30 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no Concello do Barco de Valdeorras (DOG nº 198 bis do 30 de setembro de 2020).

Logo de que o apartado Segundo da parte dispositiva da sinalada Orde, que leva por título *Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde ante a existencia dun risco de carácter transmisible*, sinala o seguinte:

“1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, en todo o ámbito territorial do concello do Barco de Valdeorras, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social, na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.”



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000307E500O8R3U6P1A9B9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 05/10/2020
JESÚS TALLÓN GARCÍA-Adxunto a Secretaría - 05/10/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/10/2020 13:59:07

EXPEDIENTE :: 2019RHU000000037

Fecha: 03/04/2019

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



Tampouco será aplicable esta limitación no caso de actividades laborais e administrativas, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento”.

O anexo de medidas de prevención específicas da Orde do 30 de setembro de 2020, no seu apartado 3.23. *Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares*, sinala o seguinte:

“Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración, e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares”.

Tras realizar consulta telefónica á Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia, comunicouse por parte do sinalado organismo a aplicación da medida de prevención específica 3.23 á realización de procesos selectivos de persoal do Concello do Barco, polo que dado que o número de aspirantes admitidos é superior a 60 (e inferior a 100), e dado que as probas se van realizar en recinto pechado, sería necesaria autorización da Dirección Xeral de Saúde da Xunta de Galicia, previa solicitude que debe ir acompañada dun plan de prevención de contaxios.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000307E500O8R3U6P1A9B9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 05/10/2020
JESÚS TALLÓN GARCÍA-Adxunto a Secretaría - 05/10/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/10/2020 13:59:07

EXPEDIENTE ::
2019RHU000000037
Fecha: 03/04/2019
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



Dada a imposibilidade de cumprir co establecido na sinalada medida de prevención específica 3.23 antes do 6 de outubro de 2020.

Tendo en conta estes antecedentes, en virtude das competencias que me foron atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLVO

Primeiro. Suspende a convocatoria dos aspirantes admitidos prevista para o día 6 de outubro de 2020, ás 09:00 horas, no Pavillón de Calabagueiros, situado na rúa Calabagueiros, s/n - 32300 - O Barco de Valdeorras (Ourense).

Segundo. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios dixital e na sección ou portal de transparencia da sede dixital do Concello, así como comunicar telefonicamente aos aspirantes esta medida, dado o escaso tempo que resta para a realización do exercicio.

O Barco, na data de sinatura.

Dou fe, aos efectos do artigo 3.2, letra e), do Decreto
128/2018, do 16 de marzo,
o adxunto á Secretaría

O alcalde
Asdo. Alfredo L. García Rodríguez

Asdo. Jesús Tallón García



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000307E500O8R3U6P1A9B9 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 05/10/2020 JESÚS TALLÓN GARCÍA-Adxunto a Secretaría - 05/10/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/10/2020 13:59:07	EXPEDIENTE :: 2019RHU000000037 Fecha: 03/04/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--	---	---

